

## XEOLOXÍA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 5 primeiras respondidas**.

**PREGUNTA 1. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Explique que son os terremotos, e describa as medidas de tamaño e forza que normalmente se utilizan.
- 1.2. Explique o proceso de karstificación e a que tipo de rochas afecta.
- 1.3. Indique os principais compoñentes do solo e os horizontes máis comúns.

**PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Explique que é unha placa litosférica.
- 2.2. Explique as dúas causas principais do movemento das placas litosféricas.
- 2.3. Explique os factores e procesos do metamorfismo.

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique os nomes dos accidentes xeográficos, relacionados cos bordos de placas, identificados coas letras maiúsculas (da A á E). Asocie os números (do 1 ao 5) aos seguintes nomes: codia oceánica, codia continental, astenosfera, litosfera oceánica, punto quente.

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Explique os procesos xeolóxicos asociados ao tipo de bordo de placa na zona sinalada co número 6; indique o tipo de oróxeno que se forma e as súas características.

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique os tipos de contactos entre C e M, N e K, A e D; describa o tipo de falla (H) e tipo de esforzo que a orixinou, razoando a resposta. Indique que tipo de afloramento ígneo representa o material sinalado coa letra A.

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Describe a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. Se a formación do material sinalado coa letra A aconteceu na segunda metade do Paleozoico, indique a que oroxenia corresponde, e cite algunha rexión da Península ibérica onde afloran tipicamente materiais paleozoicos afectados por esa oroxenia.

**PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: (0,5 puntos por definición)**

1. Fósil
2. Uniformismo
3. Diáclase
4. Filón
5. Exfoliación
6. Conglomerado

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Emparelle (na folla de exame) cada letra da primeira lista cun número da segunda (un número pode corresponder a máis dunha letra):

A) Ortosa. B) Galena. C) Fluorita. D) Cinabrio. E) Olivina. F) Biotita. G) Aragonita. H) Grafito. I) Casiterita. J) Cuarzo.

1) Nesosilicatos. 2) Filosilicatos. 3) Tectosilicatos. 4) Elementos nativos. 5) Sulfuros. 6) Óxidos. 7) Carbonatos. 8) Haloxenuros

**8.2.** Forme cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase.

serie descontinua	plutónica	máficos
andesita	isomorfa	textura graúda
diamante	carbono	intermedia
serie continua	volcánica	polimorfo
granito	olivinas	plaxioclasios

## XEOLOXÍA

El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 5 primeras respondidas**.

**PREGUNTA 1. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Explique que son los terremotos, y describa las medidas de tamaño y fuerza que normalmente se utilizan.
- 1.2. Explique el proceso de karstificación y a qué tipo de rocas afecta.
- 1.3. Indique los principales componentes del suelo y los horizontes más comunes.

**PREGUNTA 2. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Explique qué es una placa litosférica.
- 2.2. Explique las dos causas principales del movimiento de las placas litosféricas.
- 2.3. Explique los factores y procesos del metamorfismo.

**PREGUNTA 3. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique los nombres de los accidentes geográficos, relacionados con los bordes de placas, identificados con las letras mayúsculas (de la A a la E). Asocie los números (del 1 al 5) a los siguientes nombres: corteza oceánica, corteza continental, astenosfera, litosfera oceánica, punto caliente.

**PREGUNTA 4. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Explique los procesos geológicos asociados al tipo de borde de placa en la zona señalada con el número 6. Indique el tipo de orógeno que se forma y sus características.

**PREGUNTA 5. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique los tipos de contactos entre C y M, N y K, A y D; describa el tipo de falla (H) y tipo de esfuerzo que la originó, razonando la respuesta. Indique qué tipo de afloramiento ígneo representa el material señalado con la letra A.

**PREGUNTA 6. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Describa la historia geológica, ordenando cronológicamente, del más antiguo al más moderno, los materiales que aparecen en el corte geológico, y los eventos tectónicos y erosivos ocurridos. Si la formación del material señalado con la letra A se produjo en la segunda mitad del Paleozoico, indique a qué orogenia corresponde y cite alguna región de la Península ibérica donde afloran típicamente materiales paleozoicos afectados por esa orogenia.

**PREGUNTA 7. Defina cuatro de los seis términos siguientes: (0,5 puntos por definición)**

1. Fósil
2. Uniformismo
3. Diaclasa
4. Filón
5. Exfoliación
6. Conglomerado

**PREGUNTA 8. Resuelva las dos asociaciones: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Empareje (en la hoja de examen) cada letra de la primera lista con un número de la segunda (un número puede corresponder a más de una letra):


A) Ortosa. B) Galena. C) Fluorita. D) Cinabrio. E) Olivino. F) Biotita. G) Aragonito. H) Grafito. I) Casiterita. J) Cuarzo.

1) Nesosilicatos. 2) Filosilicatos. 3) Tectosilicatos. 4) Elementos nativos. 5) Sulfuros. 6) Óxidos. 7) Carbonatos. 8) Halógenos.


**8.2.** Forme cinco frases correctas y con significado geológico, empleando un término de cada columna en cada frase:

serie discontinua	plutónica	máficos
andesita	isomorfa	textura granuda
diamante	carbono	intermedia
serie continua	volcánica	polimorfo
granito	olivinos	plaxioclasios

ESQUEMA-DIAGRAMA 1



ESQUEMA-DIAGRAMA 2



ABAU  
CONVOCATORIA DE XUÑO  
Ano 2021  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
(Cód. 25)

**MODELO DE EXAME:** O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que se pode responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira.

**PREGUNTA 1. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

**1.1.** Máximo 1 pto. pola explicación correcta de que son os terremotos e a descrición das medidas de tamaño e forza que normalmente se utilizan (0,5 ptos por subapartado).

**1.2.** Máximo 1 pto. pola descrición correcta do proceso de karstificación e tipos de rochas ás que afecta (0,5 ptos por subapartado).

**1.3.** Máximo 1 pto. pola descrición correcta dos principais compoñentes do solo e os horizontes máis comúns (0,5 ptos por subapartado)

**PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

**2.1.** Máximo 1 pto. pola descrición correcta dunha placa litosférica (extensión vertical, límites das placas, movementos relativos).

**2.2.** Máximo 1 pto. pola explicación de dúas causas principais do movemento das placas litosféricas (0,5 ptos por subapartado).

**2.3.** Máximo 1 pto. pola explicación completa e correcta dos factores (temperatura, presión, fluídos) e dos procesos do metamorfismo (orientacións, recristalización, cambios en estrutura, cambios de composición). (0,5 ptos por subapartado).

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

- 1 pto. por indicar correctamente os nomes dos accidentes xeográficos, relacionados cos bordos de placas, identificados coas letras maiúsculas (da A á E).  
A: arco de illas, B: falla transformante, C: dorsal oceánica, D: fosa oceánica-zona de subducción; E: rift continental.
- 1 pto. por asociar correctamente os números (do 1 ao 5) aos nomes.  
1: codia continental, 2: codia oceánica, 3: litosfera oceánica, 4: astenosfera, 5: punto quente.

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

- Máximo 1 pto. por explicar correctamente os procesos xeolóxicos (formación de prisma de acreción, magmatismo ácedo ou intermedio, formación de rochas plutónicas e volcánicas, metamorfismo rexional e de contacto, metasomatismo, sismicidade de foco superficial e profundo) asociados ao tipo de bordo de placa na zona sinalada co número 6 (borde de subducción en contacto placa oceánica-placa continente).
- Máximo 1 pto. por indicar correctamente e de xeito razoado o tipo de oróxeno que se forma (oróxeno periocéánico o andino, con formación de cordilleira no borde dun continente) e as súas características (oróxeno térmico, con abundantes manifestacións volcánicas) (0,5 ptos por subapartado).

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

- Máximo 0,75 pto. por indicar correctamente os tipos de contactos entre C e M (discordancia angular), N e K (concordancia), A e D (contacto intrusivo).
- Máximo 0,75 pto. pola descrición correcta do tipo de falla ( H) e tipo de esforzo que a orixinou, razoando a resposta (falla directa, resultado de esforzos distensivos<sup>1</sup>).

---

<sup>1</sup> Se se considera que a falla foi anterior ao basculamento dos materiais E-G-L-C podería ser considerada inversa, tendo en conta a posición orixinal dos estratos e a falla, e aceptaría-se esta resposta razoada.

ABAU  
CONVOCATORIA DE XUÑO  
Ano 2021  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
**(Cód. 25)**

- Máximo 0,5 pto. por indicar que tipo de afloramento ígneo representa o material sinalado coa letra A (batolito, explicando as súas características).

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

- Máximo 1 pto. por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos: Depósito do material E - erosión- depósito da serie G - L - C - basculamento - falla H - erosión - depósito da serie M-D-J - intrusión A - erosión-depósito da serie N - K - B - basculamento - erosión - depósito de I - erosión fluvial.  
Valórase con 0,75 ptos. se hai un erro; 0,25 se hai dous erros; 0 ptos. se hai máis de dous erros no ordenamento; réstanse 0,15 ptos. pola omisión de cada episodio de erosión ou evento tectónico.
- Máximo 1 pto. por indicar a que oroxenia corresponde o material sinalado coa letra A (Oroxenia Herciniana. Hercínica ou Varisca), e citar algunha rexión da Península Ibérica onde afloran tipicamente materiais paleozoicos afectados por esa oroxenia (maioritariamente no Macizo Hespérico, Ibérico ou Herciniano, que se localiza na metade occidental da península ibérica, tamén inclúe afloramentos da zona axial pirenaica, as Cordilleiras Costeiras Catalás e algunhas partes da Cordilleira Ibérica). (0,5 ptos por subapartado).

**PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: (0,5 puntos por definición)**

0,5 ptos. pola definición correcta de cada termo.

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Máximo 1 pto. (0,1 pto. por emparellamento correcto):

A-3, B-5, C-8, D-5, E-1, F-2, G-7, H-4, I-6, J-3.

**8.2.** Máximo 1 pto. (0,2 ptos. por frase correctamente construída) A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións correctas:

- A serie descontínua, que describe a orde de cristalización dos silicatos a partir dun magma fundido, comeza coas olivinas, que son minerais máficos.
- A andesita é unha rocha volcánica de composición intermedia.
- O diamante é un mineral de carbono, polimorfo do grafito.
- A serie continua que describe a orde de cristalización dos silicatos está formada pola serie isomorfa dos plaxioclasios.
- O granito é unha rocha plutónica de textura graúda.

## XEOLOXÍA

O exame consta de 8 preguntas de 2 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as CINCO primeiras respondidas**.

**PREGUNTA 1. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Explique a teoría de expansión do fondo oceánico.
- 1.2. Explique os principais factores que inflúen na formación do solo.
- 1.3. Explique como se forman as terrazas fluviais e indique, razoando a resposta, cales son máis recentes en relación á canle fluvial: as superiores ou as inferiores?

**PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Explique que é unha dobra e cales son os seus elementos ou partes (indíqueas sobre un esquema).
- 2.2. Explique que son os silicatos e indique as súas subclases.
- 2.3. Explique o ciclo de Wilson.

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique e explique que tipos de bordo de placa aparecen na figura. Explique o significado e as causas dos fenómenos que ocorren nos puntos representados cun triángulo.

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique a natureza e orixe das frechas que aparecen na figura e a súa relación coa tectónica de placas. Explique a formación e composición do magma marcado co número 1.

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique os tipos de contactos entre os materiais 5-4, 4-2 e 3-2. Sinala o tipo de falla e o tipo de esforzo que a orixina, razoando as respostas. Indique o ambiente de formación e características do sedimento 1.

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Descríba a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. Explique que tipos de metamorfismo aparecen no corte, a que materiais afectan e cal é a súa orixe.

**PREGUNTA 7. Defina catro dos seis termos seguintes: (0,5 puntos por definición)**

1. Granito 2. Lapilli 3. Xelifracción 4. Hidrólise 5. Delta 6. Diáxénese

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Emparelle (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha ou máis letras da segunda: (un número pode corresponder a máis dunha letra)

1) Precámbrico. 2) Paleozoico. 3) Mesozoico. 4) Cenozoico.

A) Oroxenia alpina. B) Oroxenia Varisca. C) Extinción dos dinosauros. D) Expansión das anxiospermas. E) Atmosfera oxidante. F) Gran diversificación dos seres vivos. G) Era dos réptiles. H) Empeza a formación do Atlántico. I) Panxea I (Rodinia). J) Primeiros seres vivos.

**8.2.** Forme cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada columna en cada frase.

fósiles	rocha volcánica	lousas
cristalización	rochas evaporíticas	antracita
basalto	cuarzo	precipitación
xeso	carbón	codia oceánica
turba	rochas sedimentarias	Bowen

## XEOLOXÍA

El examen consta de 8 preguntas de 2 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 5**, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las CINCO primeras respondidas**.

**PREGUNTA 1. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 1.1. Explique la teoría de expansión del fondo oceánico.
- 1.2. Explique los principales factores que influyen en la formación del suelo.
- 1.3. Explique como se forman las terrazas fluviales e indique, razonando la respuesta, cuáles son más recientes en relación al cauce fluvial: ¿las superiores o las inferiores?

**PREGUNTA 2. Responda dos de los tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Explique qué es un pliegue y cuáles son sus elementos o partes (indíquelas sobre un esquema).
- 2.2. Explique que son los silicatos e indique sus subclases.
- 2.3. Explique el ciclo de Wilson

**PREGUNTA 3. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique y explique qué tipos de borde de placa aparecen en la figura. Explique el significado y las causas de los fenómenos que ocurren en los puntos representados con un triángulo.

**PREGUNTA 4. Analice el esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Indique la naturaleza y origen de las flechas y su relación con la tectónica de placas. Explique la formación y composición del magma marcado con el número 1.

**PREGUNTA 5. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Indique los tipos de contactos entre los materiales 5-4, 4-2 y 3-2. Señale el tipo de falla y el tipo de esfuerzo que la origina, razonando las respuestas. Indique el ambiente de formación y características del sedimento 1.

**PREGUNTA 6. Analice el esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Describa la historia geológica, ordenando cronológicamente, del más antiguo al más moderno, los materiales que aparecen en el corte geológico, y los eventos tectónicos y erosivos ocurridos. Explique qué tipos de metamorfismo aparecen en el corte, a qué materiales afectan y cuál es su origen.

**PREGUNTA 7. Defina cuatro de los seis términos siguientes: (0,5 puntos por definición)**

1. Granito
2. Lapilli
3. Gelifracción
4. Hidrólisis
5. Delta
6. Diagénesis

**PREGUNTA 8. Resuelva las dos asociaciones: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Empareje (en la hoja de examen) cada número de la primera lista con una o más letras de la segunda:

1) Precámbrico. 2) Paleozoico. 3) Mesozoico. 4) Cenozoico.

A) Orogenia alpina. B) Orogenia Varisca. C) Extinción de los dinosaurios. D) Expansión de las angiospermas. E) Atmósfera oxidante. F) Gran diversificación de los seres vivos. G) Era de los reptiles. H) Empieza la formación del Atlántico. I) Pangea I (Rodinia). J) Primeros seres vivos.

**8.2.** Forme cinco frases correctas y con significado geológico, empleando un término de cada columna en cada frase:


fósiles	roca volcánica	pizarra
cristalización	rocas evaporíticas	antracita
basalto	cuarzo	precipitación
yeso	carbón	corteza
turba	rocas sedimentarias	Bowen




## XEOLOXÍA

MATERIAL GRÁFICO DAS PREGUNTAS 3, 4, 5 e 6: / MATERIAL GRÁFICO DE LAS PREGUNTAS 3, 4, 5 y 6:

ESQUEMA-DIAGRAMA 1



ESQUEMA-DIAGRAMA 2



1. Morrenas 2. Calcarías 3. Leucogranito 4. Calcarías margosas 5. Lousas 6. Corneanas 7. Gabro  
1. Morrenas 2. Calizas 3. Leucogranito 4. Calizas margosas 5. Pizarras 6. Corneanas 7. Gabro

ABAU  
CONVOCATORIA DE XULLO  
Ano 2021  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
(Cód. 25)

**PREGUNTA 1. Máximo 2 puntos. Responda dous dos tres apartados temáticos:**

- 1.1. Máx 1 pto. pola explicación completa e correcta da teoría de expansión do fondo oceánico: topografía dos fondos, mecanismos da expansión e evidencias.
- 1.2. Máx. 1 pto. pola explicación correcta dos principais factores que inflúen na formación do solo: material de partida, topografía, clima, organismos e tempo.
- 1.3. Máximo 1 pto. pola explicación correcta da formación das terrazas fluviais, indicando de xeito razoado, que as inferiores son as máis recentes en relación á canle fluvial.

**PREGUNTA 2. Responda dous dos tres apartados temáticos: (1 punto por apartado)**

- 2.1. Máx. 1 pto. pola explicación correcta de que é unha dobra, e dos seus elementos ou partes (indicándoos sobre un esquema).
- 2.2. Máx. 1 pto. pola explicación da composición e estrutura dos silicatos, indicando as súas subclases (nesosilicatos, sorosilicatos, inosilicatos de cadea simple e de cadea dobre, filosilicatos e tectosilicatos) .
- 2.3. Máx 1 pto. pola explicación correcta e completa do ciclo de Wilson, como desenvolvemento evolutivo da tectónica de placas, indicando as etapas e exemplos das mesmas.

**PREGUNTA 3. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Máx 1 pto. pola explicación correcta dos tipos de bordo de placa aparecen na figura (esquerda: bordo destrutivo con subducción de litosfera oceánica baixo outra litosfera oceánica menos densa, con formación de arco de illas; dereita: bordo destrutivo con subducción de litosfera oceánica baixo litosfera continental, con formación de cordilleira perioceánica; centro: borde construtivo correspondente á dorsal oceánica, con creación de litosfera oceánica, e bordo pasivo correspondente a falla transformante).

Máx. 1 pto. pola explicación correcta e completa das causas dos fenómenos que ocorren nos puntos representados cun triángulo: En bordos destrutivos, sismicidade debido á fricción entre placas, con hipocentros situados no plano de Benioff; en bordo activo construtivo, formación de magma básico procedente de fusión parcial de manto superior, formación de rochas ígneas plutónicas e volcánicas. En bordo pasivo: desprazamento relativo entre placas, que ocasiona sismicidade.

**PREGUNTA 4. Analice o esquema-diagrama 1: (2 puntos)**

Máx. 1 pto. pola indicar a natureza e orixe das frechas que aparecen na figura (correntes de convección, explicando a súa natureza xénese) e a súa relación coa tectónica de placas (causa principal do movementos das placas litosféricas).

Máx. 1 pto. pola explicación correcta da formación e composición do magma marcado có número 1: fusión parcial do magma peridotítico, debido á diminución do punto de fusión coa diminución da presión na parte ascendente da corrente de convección; formación de magma básico; acumulación en cámara magmática, arrefriamento para formar a rocha plutónica gabro, ou arrefriamento na superficie para formar a rocha volcánica basalto.

**PREGUNTA 5. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Máx. 0,75 ptos. por indicar correctamente os tipos de contactos entre 5-4 (inconformidade), 4-2 (discordancia angular) e 3-2 (contacto intrusivo). Máx. 025 ptos. por sinalar correctamente o tipo de falla (inversa) e o tipo de esforzo que a orixina (distensivo), razoando as respostas.

Máx 1 pto. pola explicación correcta do ambiente de formación e características do sedimento 1: sedimento glaciar ou till, caracterizado pola heteroxeneidade de tamaño e angulosidade dos clastos. debido a ausencia de selección polo axente de transporte, que é o xeo. Pódese mencionar tamén a ausencia de madurez mineralóxica (presenza de minerais alterables).

**PREGUNTA 6. Analice o esquema-diagrama 2: (2 puntos)**

Máx. 1 pto. por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ó máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos: depósito dos materiais sedimentarios que posteriormente deron lugar, por metamorfismo, ao material 5; erosión; inmersión e depósito do material 4; pregamento dos materiais 5 e 4; intrusión do magma, que por arrefriamento e consolidación deu lugar ao material 7; formación de aureola de metamorfismo, que deu lugar ao material 6; falla inversa; erosión dos materiais 4, 6 e 7; inmersión e depósito do material 2; intrusión do material 3; erosión; depósito do material 1 en ambiente glaciar e erosión final.



ABAU  
CONVOCATORIA DE XULLO  
Ano 2021  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**XEOLOXÍA**  
**(Cód. 25)**

Máx. 1 pto. pola explicación correcta dos tipos de metamorfismo que aparecen no corte, a que materiais afectan e cal é a súa orixe: metamorfismo rexional de sedimentos detríticos finos, previamente depositados, por efecto combinado de presión e temperatura, no caso da formación das lousas (material 5), e metamorfismo de contacto, por efecto do incremento de temperatura ocasionado pola proximidade do magma, no caso da aureola de contacto que deu lugar ás corneanas (material 6).

**PREGUNTA 7.**

0,5 puntos pola definición correcta de cada termo

**PREGUNTA 8. Resolva as dúas asociacións: (1 punto por apartado)**

**8.1.** Máx. 1 pto. (0,1 por emparellamento correcto): 1: I, J, E; 2: B, F; 3: G, H; 4: A, C, D (dáse por válido para C tanto 3 coma 4, xa que a gran extinción produciuse no tránsito Cretáceo-Paleóxeno)

**8.2.** Máx. 1 pto. (0,2 por frase correctamente construída).

A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións correctas:

- Pódense atopar fósiles en rochas sedimentarias ou en metamórficas de baixo grao, como as lousas.
- A cristalización do cuarzo a partir dun magma ten lugar na parte inferior da serie de reacción de Bowen.
- O basalto é unha rocha volcánica que se atopa na parte superficial da codia oceánica.
- O xeso é un mineral que se atopa nas rochas evaporíticas, formado por precipitación a partir de sales disoltas.
- A turba é un tipo de carbón de baixo poder calorífico, sendo a antracita o de maior poder calorífico.